



Olimpiada Lingüística d'Espanya
Olimpiada Lingüística de España
Espainiako Olinpiada Linguistikoa
Olimpiada Lingüística de España

Rolda 1

OLE 2016

Proba individual
Xaneiro de 2016



Instrucións

- Escribe as respostas no dossier de respostas adxunto. Este caderno pódelo utilizar para escribir anotacións, subliñar, facer garabatos e calquera cousa que necesites para resolver o problema. Só tes que entregar o dossier de respostas.
- O tempo para realizar o exame é de 3 horas.
- Criterios de corrección:
 - (A) 10 puntos
 - (B) 30 puntos
 - (C) 25 puntos
 - (D) 35 puntos
 - Total: 100 puntos

Ánimo!
Equipo OLE

Índice

PROBLEMA	AUTOR	PÁXINA
(A) Vogais índicas*	Ilya Itkin	2
(B) Mates en skou*	Petr Arkádiev/Svetlana Burkak	3
(C) Sobremesas xeorxianas*	Yákov Testelets	4
(D) Amigos do igbo* Petr Arkádiev	5

*Exercicios orixinais da Olimpíada Lingüística rusa. Tradución e adaptación polo comité de problemas da OLE



(A) Vogais índicas (10 puntos)

En moitas variantes das escrituras índicas existen símbolos especiais para escribir as vogais iniciais dunha sílaba. A continuación, móstranse os símbolos de sete vogais iniciais para unha desas variantes, a brahmi inclinada, e a súa transcrición, en orde arbitraria, ao alfabeto latino:



a, e, i, ä, ī, ū, ā

A1. Determina as correspondencias correctas. Explica a túa solución.

A2. Transcribe ao alfabeto latino:



Notas: A ä é unha vogal especial. A raia pequena enriba das vogais indica a súa duración.



(B) Mates en skou (30 puntos)

O skou (tumawo) é un idioma que falan unhas 700 persoas no nordeste da parte indonésica da illa de Nova Guinea. Observa estas operacións escritas de forma parcial con numerais en skou (na súa transcripción latina):

- 1) *hangpà pa hìngtung + náhìpa = 22*
- 2) *hangpà pa náhìpa pa héngtong - náhìpa pa hìngtung = 13*
- 3) *hangpà pa ná pang pa áling + héngtong = 21*
- 4) *hangpà pa náhìpa - hangpà pa nongpong = 4*
- 5) *hìngtung + áling = héngtong*
- 6) *nongpong + héngtong = náhìpa - áling*

B1. Nos exemplos anteriores substitúe os números escritos con cifras por numerais do idioma skou.

B2. Escribe con numerais do idioma skou as seguintes operacións:

- 1) $9 + 2 = 11$
- 2) $5 \times 3 = 15$

B3. Cal dos seguintes numerais non existe en skou?

- 1) *hangpà pa héngtong*
- 2) *náhìpa pa nongpong*
- 3) *hangpà pa ná pang*

Notas. Os signos ` y ´ representan modos especiais de pronunciar unha vogal (ton).



(C) Sobremesas xeorxianas (25 puntos)

A continuación, móstranse diversas expresións en galego traducidas ao xeorxiano (escrito no alfabeto latino) en orde arbitraria. Olo, algunhas expresións en galego teñen 2 correspondencias en xeorxiano.

Galego	Xeorxiano
1 - sen pans ricos	A - gemrieli nayebit
2 - con canela	B - am zetit
3 - sen xeado	C - nušiani
4 - con este aceite	D - txilis saneleblit
5 - sen abelás	E - gemrieli puntušis gareše
6 - con améndoas	F - nušit
7 - con crema rica	G - daričiniani
8 - sen aceite de améndoas	H - utxilo
9 - con condimento de abelás	I - naqinis gareše
	J - daričinit
	K - nušis zetis gareše
	L - unaqino
	M - txilis gareše

C1. Determina as traducións correctas.

C2. Traduce ao xeorxiano de todas as formas posibles as expresións:

- 1) con crema
- 2) con xeado de crema
- 3) sen améndoas
- 4) sen este condimento



Notas. As letras č, ɣ, š e ǰ son consoantes especiais do idioma xeorxiano.

(D) Amigos do igbo (35 puntos)

O idioma igbo (asụsụ Ndi Igbo) é unha lingua da familia Níxer-Congo. Fálana aproximadamente 18 millóns de persoas en Nixeria. Aquí tes algunhas frases en igbo (na súa ortografía convencional) e as súas traducións ao galego:

Obi gara ahĩa.	Obi foi ao mercado.
Obi agaghị ụlọ.	Obi non foi á casa.
Ike na agba egwu.	Ike está bailando o baile.
Ike agaghị agba egwu.	Ike non terá bailado o baile.
Obi zụrụ ụlọ.	Obi comprou a casa.
Obi azụghị akwụkwọ.	Obi non comprou o libro.
Ike na eghe azụ.	Ike está fritindo o peixe.
Ike ga agụ akwụkwọ.	Ike terá lido o libro.
Obi ga eri anụ.	Obi terá comido a carne.
Ike agaghị eghe anụ.	Ike non terá fritida a carne.
Obi ghere azụ.	Obi fritiu o peixe.

D1. Traduce ao galego:

1. Obi ga aga ụlọ.
2. Ike erighị anụ.
3. Obi na azụ ụlọ.
4. Ike anaghị eghe azụ.

D2. Traduce ao igbo:

1. Ike comeu a carne.
2. Obi non vai ao mercado.
3. Obi bailou o baile.
4. Obi terá comprado o peixe.
5. Ike non fritiu a carne.
6. Ike non leu o libro.

D3. Un lingüista que comezou a estudar a lingua igbo non hai moito tempo, oíu a seguinte frase

Obi agaghị agụ akwụkwọ

O lingüista preguntoulle a un falante nativo se esta frase significaba “_____”. O falante sorriu e respondeu que significaba “Obi non terá lido o libro”. Que frase lle preguntou o lingüista ao falante nativo?

Notas. gb, gh, gw, kw son consoantes especiais do igbo.